

As mulleres estiveron historicamente relegadas do espazo público. Unha das formas máis evidentes de exclusión é o carácter patriarcal e clasista da denominación de rúas, prazas ou edificios. E tamén a discriminación das mulleres na sinalética urbana e nas homenaxes escultóricas, nas que raramente aparecen con nome propio.

É hora de que as mulleres conquisten o espazo público e a súa presenza se visibilice ao lle dar nome ás rúas e ás prazas, ao ocupar ocos na sinalética urbana, ao ser protagonistas na arte mural e ao cobrar vida nos roteiros guiados.

1. Vasquida Garcia

Século XVI

Traballaba como menciñeira nos arredores de Pontevedra cando foi detida, baixo a acusación de practicar bruxaría, durante a caza de bruxas da Inquisición. Ela autoinculpouse para acadar a indulxencia que lle prometeran, mais isto só agravou a condena. Foi exposta á vergoña pública, azoutada, desterrada, ameazada e aldraxada.

2. María Vinyals

(Soutomaior, 1875 - París, década de 1940)

Escritora coñecida como a 'Marquesa Vermella' polas súas ideas progresistas e de defensa dos dereitos das mulleres. Estivo afiliada na Agrupación Feminina Socialista de Madrid e foi fundadora do Centro Ibero-Americano de Cultura Popular Feminina, co obxectivo de ensinar a mozas que non tiñan acceso á educación. Nos seus escritos tratou a importancia da educación da muller como ferramenta para a rexeneración social.

3. Virginia Pereira

(A Estrada, 1884 - Madrid, 1969)

Vivió en Pontevedra durante dúas décadas, de 1916 a 1936, despois de que o seu marido, Castelao, conseguise praza de Estatística na cidade. Aquí entran en contacto co galeguismo e, despois do levantamento contra a República e o inicio da guerra, viaxan por distintos lugares até marcharen para o exilio arxentino. Tras ficar viúva, converteuse nunha das voces máis belixerantes do exilio en favor da causa galeguista e da loita antifranquista.

4. Ernestina Otero



(Redondela, 1890 - 1956)

Foi mestra e impulsora de proxectos pedagóxicos de ideas progresistas, apoiando o ensino laico, a coeducación, a formación de adultos, etc. A partir de 1915 exerceu de mestra na Escola Normal de Pontevedra, na que se formara e da que será directora algún tempo durante a

República. No 36 foi suspendida de emprego e soldo e, un ano despois, apártana definitivamente do servizo académico. Ao rematar a guerra retoma o seu traballo pero inhabilitana para cargos directivos.

5. Dolores Trabado


(Cervantes, 1903 - Pontevedra, 1996)

Foi unha pioneira no eido da conducción co seu taxi, moi coñecido en Pontevedra até os anos sesenta. Tiña permiso de conducir desde 1923, sendo a única muller e unha das 1417 persoas de toda a provincia. Xunto coa leonesa Piedad Álvarez, foi a primeira taxista de todo o Estado.

6. Herminia Fariña

(Santiago de Compostela, 1904 - Meaño, 1967)

Poeta e dramaturga, que, desde moza, destaca no mundo das letras, participando en recitais e formando parte de representacións teatrais. É considerada, xunto a Carmen Prieto Rouco, unha das precursoras do teatro galego, sendo das primeiras mulleres que conseguen estrear as súas obras nos anos 20.



7. Josefina Arruti

(Pontevedra, 1906 - 2003)

Estaba casada co primeiro alcalde republicano de Pontevedra, Bibiano Fernández Osorio-Tafall, militante de Izquierda Republicana, co que se mudou a Madrid. O golpe de Estado separa a familia durante unha viaxe de Josefina a Pontevedra, manténdoa dezaoto meses no cárcere da Audiencia. Cando sae, decretan arresto domiciliario, quedándolle totalmente prohibido saír da casa até o fin da guerra.

8. Amalia Álvarez

(Lugo, 1906 - Pontevedra, 2001)

Instalouse en Pontevedra sendo unha nena e alí estudou Maxisterio. Nos ensaios da Sociedad Coral Polifónica coñeceu ao seu futuro marido, o nacionalista Alexandre Bóveda, fusilado en 1936. Tras enviuvir, Amalia aprobou



as oposicións a Facenda para sacar a súa familia adiante. Pese ás numerosas trabas, conseguiu un certificado de adhesión ao réxime que lle permitiu ocupar a súa praza de funcionaria.

9. Dolores Calviño, a Señora Lola

(Pontevedra, 1917 - 2002)

Traballaba como limpadora para o Pontevedra C.F. cando en 1962 asinou por primeira vez un contrato co club, aínda que xa levaba varias temporadas ocupándose da limpeza. Encargábase da roupa, das casetas, das gradas, dos baños e mesmo axudaba coa posta a punto do campo. Cando ficou viúva, mudouse a unha casa preto de Pasarón coa súa cadela, Tula. Xa xubilada, pasaba case a diario a supervisar que todo estivese en orde.

FOTOGRAFÍA: MIGUEL VIDAL



10. Pilar Bértola

(Pontevedra, 1920 - Barcelona, 1934)

Natural da Moureira, sendo nena emigrou coa súa familia a Barcelona. Alí, formou parte das veladas literarias do Centro Galego e figura como recitadora de poemas da literatura galega, cuxas dotes artísticas foron recoñecidas e celebradas en diversas ocasións.

11. María Victoria Moreno

(Cáceres, 1939 - Pontevedra, 2005)

Era catedrática en Lingua e Literatura Española, mestra e escritora de literatura, fundamentalmente, xuvenil. Chegou a Pontevedra en 1963, onde se estreou como mestra e aquí viviu a maior parte da súa vida. Foi homenaxeada no Día das Letras Galegas 2018.



12. Mural Mulleres de Pontevedra na historia

Obra mural que representa a 23 mulleres pontevedresas, actuando como ferramenta para a divulgación dunha parte descoñecida da historia de Pontevedra. Elaborado por Rei Zentolo e Polo Correo do Vento.

13. Mural de Cestola na Cachola

Mural circular feito no Pombal das Palmeiras, en homenaxe ás mulleres, onde o río Lérez e a figura da muller actúan como protagonistas.

14. Represión en Salcedo

Salcedo foi un referente do movemento agrario, obreiro e de esquerdas, converténdose nunha das parroquias

pontevedresas máis atacadas tras o golpe de Estado do 36: morte, cárcere, rapa e moitas outras formas de aldraxe. As mulleres da parroquia estiveron moi implicadas nunha mobilización que buscaba reducir as desigualdades, acabando cos abusos que enchían de fame as súas familias.

15. Represión en Lérez

O asociacionismo tiña unha grande presenza na parroquia de Lérez, onde se loitou moito por mellorar as condicións de vida, contando con entidades pioneiras como a Sociedad de Agricultores ou a súa propia entidade financeira, a Caja Rural de Lérez. Estes avances víronse freados polo golpe de Estado do 36, que trouxo consigo unha cruenta represión e cambiou para sempre a parroquia.

16. Represión en Mourente

A parroquia de Mourente estaba implicada con forza no movemento obreiro e agrario, moitas veciñas e veciños participaban sen medo na vida política, ocupando diferentes cargos políticos, vivíase un tempo novo de soños e ilusións. O 10 de agosto do 36, tras o golpe de Estado, incéndiase o local da Sociedade de Agricultores, a "Casa do Pobo", simbolizando a aniquilación do soño colectivo.

17. Roteiro sobre as mulleres represaliadas de Pontevedra

Andaina pola memoria das pontevedresas que sufriron a represión franquista, de xeito directo ou polo que supuxo nas súas vidas a exercida sobre os homes da familia.

18. Roteiro Pontevedra en feminino

Os edificios, as rúas, as prazas dan conta da evolución da sociedade e do papel que desempeñaba a muller en cada época. Coa lembranza dos nomes, dos lugares e das biografías coñecemos a importancia das súas achegas e recoñecemos a súa presenza na historia da cidade.

19. Roteiro Mulleres en San Amaro

Percorrido feminino polo cemiterio municipal. Roteiro co que se pretende pór en valor as mulleres soterradas no cemiterio e a figura feminina en xeral.

20. Roteiro da Moureira

O río, o mar e as mulleres. Este roteiro percorre a historia do barrio mariñeiro da Moureira a través dun paseo polos principais oficios das súas mulleres.

